

16 Decembro de 2013 - Revista 950

Revista Se manal

da Rede Galega de Información Xuvenil



EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 7

BOLSAS E AXUDAS / 8

PREMIOS E CONCURSOS / 9

NOVAS DE EMPREGO / 10

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX / 13

EN PORTADA

Máis de 200 mozos realizaron prácticas profesionais en Europa a través do programa Galeuropa que financia Xuventude



Martes, 10 Decembro 2013 00:00

O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, mantivo hoxe en Santiago unha xuntanza cos participantes desta iniciativa.

Cada participante recibiu unha axuda de 2.400 euros para o desenvolvemento das prácticas que tiveron unha duración de 8 semanas.

Máis de 200 mozos e mozas galegos participaron este ano no **programa Galeuropa** que financia a *Consellería de Traballo e Benestar*, a través do que puideron realizar prácticas formativas non remuneradas en empresas de calquera dos estados membros da Unión Europea.

Cada participante recibiu unha axuda de 2.400 euros obtendo un anticipo do 80 por cento para a realización das prácticas que tiveron unha duración de 8 semanas. As prácticas tiveron lugar nos ámbitos da arquitectura, automoción, cultura, enxeñería, química, saúde, turismo, educación, informática, medioambiente e o sector servizos.

Así o destacou hoxe en Santiago o *director xeral de Xuventude e Voluntariado*, Ovidio Rodeiro, nunha xuntanza que mantivo cos participantes nesta iniciativa que estiveron en Alemaña, Austria, Bélxica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Grecia, Holanda, Hungría, Irlanda, Islandia, Italia, Luxemburgo, Malta, Polonia, Portugal, República Checa, Reino Unido, Romanía, Eslovenia e Suecia.

Lembrou que son axudas que se conceden en réxime de concorrência competitiva e destacou que en 2013 destináronse 600.000 euros para este programa.

Rodeiro sinalou que Galeuropa ten por finalidade apoiar a formación da mocidade galega mediante a mellora da súa empregabilidade, favorecendo a adquisición de novos coñecementos, habilidades, capacidades e cualificacións para facilitar a súa inclusión no mercado de traballo. "O obxectivo é que poidan constatar unha práctica formativa no estranxeiro como parte do currículo", apuntou.

O director xeral indicou, ademais, que se pretende dotar a Galicia de profesionais con coñecementos do mundo empresarial internacional e á súa vez con dominio de idiomas estranxeiros. Esta actuación, así mesmo, e, segundo resaltou Rodeiro, contribúe a descubrir novas posibilidades para a internacionalización das empresas galegas.

Por último, Rodeiro recordou que, tamén neste ámbito de actuación, a *Consellería e a Fundación Paideia* ofertaron este ano 10 prazas para a realización de prácticas laborais na cidade de Karlsruhe (Alemaña) durante unha estadía de 4 semanas.

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado continúa co proceso de consulta e recollida de achegas sobre o novo Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia 2014-2016



Martes, 10 Decembro 2013 19:28

– Ourense e Santiago acolleron os primeiros dous dunha serie de encontros de traballo que pretenden incentivar a achega de ideas e propostas que reforcen o novo *Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia 2014-2016* continuando o proceso de participación estruturado iniciado hai xa dúas semanas.

– Estas sesións de traballo sobre o Plan Estratéxico terán lugar nas sete principais cidades galegas recalando hoxe en Vigo e A Coruña.

– Durante estas accións divulgativas os asistentes recibirán información sobre o Plan e a súa influencia capital no desenvolvemento das políticas de xuventude impulsadas polo executivo autonómico.

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, da Consellería de Traballo e Benestar, no marco do proceso de participación e aporte de achegas ao novo **Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia 2014-2016 Horizonte 2020 " Xuventude 2016"**, ven de comezar unha serie de encontros de traballo que percorreren as sete principais cidades Galegas. Os dous primeiros destes foros de participación tiveron lugar en Ourense e Santiago de Compostela contando coa participación de 42 persoas, así como de entidades e colectivos vinculados á mocidade.



Durante cada unha destas sesións de traballo, dinamizadores xuvenís explicarán os pormenores do Plan Estratéxico, resolvendo dúbidas e invitando aos asistentes a participar na súa redacción achegando ideas e propostas.

Esta acción está enfocada a grupos de mozos e mozas, membros de asociacións xuvenís, entidades que traballen con xuventude e a responsables de políticas de xuventude.

Estas accións informativas levaranse a cabo nas seguintes datas e localizacións:

» **Vigo:** 10 de decembro, 20:00 h
– *Edificio administrativo da Xunta de Galicia* - Rúa Concepción Arenal, 8

» **Lugo:** 11 de decembro, 20:00 h
– *Complexo residencial xuvenil LUG I* - Rúa Pintor Corredoira, 2

» **A Coruña:** 10 de decembro, 20:00 h
– *Centro Quérote +* - Praza de Ourense, 7-9, 1ª esquerda

» **Ferrol:** 12 de decembro, 20:00 h
– *Edificio administrativo da Xunta de Galicia* - Praza de Camilo José Cela. s/n

» **Pontevedra:** 11 de decembro, 20:00 h
– *Edificio administrativo da Xunta de Galicia* - Avenida Fernández Lareda, 43

O prazo para a aportación de propostas para o novo *Plan Estratéxico* estará aberto ata o vindeiro **18 de decembro**. A consulta de dúbidas e acceso a formularios pode levarse a cabo a través de este *link*:

- <http://xuventude.xunta.es/2013111811984/borrador-do-plan-estrategico-de-xuventude-de-galicia-2014-2016.html>.

Xuventude e os socios do proxecto Youth4job presentarán en Bruxelas os seus primeiros resultados ante máis de 50 expertos

Mercores, 11 Decembro 2013 00:00

Mañá terá lugar a conferencia final desta iniciativa, que ten como obxectivo mellorar a orientación profesional da mocidade.

Ao abeiro da actividade, os socios realizaron unha investigación conxunta e estanse a elaborar estudos sectoriais no eido marítimo, das TIC, do turismo, do emprendemento e da migración.

Ademais de Galicia, participan no programa socios de distintas entidades e organizacións de Italia, Francia, Irlanda, Portugal, Grecia, Holanda, Letonia e Eslovaquia.

A *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*, xunto cos seus socios do **proxecto europeo Youth4job**, presentarán mañá os primeiros resultados desta iniciativa, que ten por obxectivo mellorar a orientación profesional da mocidade.

Esta conferencia final, que está organizada polo departamento autonómico, contará coa presenza de máis de 50 expertos e representantes duns vinte países europeos. Tamén participará unha representante da *Dirección Xeral* para o emprego, Asuntos sociais e Inclusión da *Comisión Europea*, Inés Legler, que informará sobre a nova iniciativa para o emprego xuvenil.

O **Youth4job** enmárcase dentro do *Programa comunitario para o emprego e a solidariedade social (PROGRESS)* da Comisión Europea. A súa finalidade é a identificación e a transferencias de boas prácticas e de servizos de calidade en materia de orientación laboral, tendo en conta a perspectiva do emprego. Ademais, contempla tamén o intercambio de coñecementos e a difusión dos resultados acadados. En concreto, os socios da iniciativa realizaron unha investigación conxunta e están a elaborar estudos de casos sectoriais a pequena escala, nos eidos marítimo, das TIC, do turismo, do emprendemento e da migración.

A *Dirección Xeral de Xuventude* aportou experiencias de boas prácticas no eido do emprendemento financiadas por fondos propios da Consellería. En concreto, achegou os puntos clave de catro programas: **Iniciativa Xove**, **Galeuropa**, **Cooperativízate** e **Xuventude Crea**, todos eles orientados ao emprendemento e á inserción laboral.

O **proxecto Youth4job** está coordinado pola *cooperativa social italiana PROMIDEA* e, ademais da *Consellería de Traballo e Benestar*, ten como socios a entidades e organizacións de Italia, Francia, Irlanda, Portugal, Grecia, Holanda, Letonia e Eslovaquia.

En concreto, participan neste: o departamento de políticas para a mocidade e o *Foro Rexional da Cultura da rexión de Campania* en Italia; a rede de informadores da mocidade *IJCA*, de *Côte d'Azur*, en Francia; a *Autoridade rexional para o sureste SERA*, de Irlanda; a *Axencia de desenvolvemento para o Val do Ave (ADRAVE)* de Portugal; o *Centro para o desenvolvemento rexional helénico HRDC*, de Grecia; a *Asociación de municipios ISD Noordenkwartier* de Holanda; a *Academia marítima LMA* de Letonia; e a *Axencia para a innovación e a cooperación europea AIEC*, de Eslovaquia.

No marco desta iniciativa, realizouse unha primeira reunión de traballo dos socios no mes de marzo en Santiago. Posteriormente, tivo

lugar en Nápoles (Italia) o “*Seminario internacional sobre a mobilidade na formación: un factor clave que amplía os horizontes da educación, a formación e o emprego*”. E, mañá, achégase xa o final do proxecto coa celebración desta conferencia, que se complementará o venres coa reunión interna dos socios do programa para intercambiar información e coordinarse.

Un total de 90 persoas reclusas participan nun programa de Xuventude para a reinserción a través da acción voluntaria



Xoves, 12 Decembro 2013 00:00

O *director xeral de Xuventude e Voluntariado*, Ovidio Rodeiro, participou hoxe nas **III xornadas 'O Voluntariado, unha alternativa ao delito'**, organizadas por APES en Ourense.

Rodeiro destacou a formación en voluntariado de persoas reclusas nos cinco cursos impartidos nos centros penitenciarios de Teixeiro, Monterroso, e Pereiro de Aguiar, así como nos *Centros de Inserción Social (CIS)* da Coruña e Vigo, que se enmarcaron dentro do *Plan de Formación 2013* que desenvolve a *Dirección Xeral*.

O responsable de Xuventude sinalou tamén que con esta colaboración estase a dar cumprimento ao establecido no *Plan Galego de Acción Voluntaria 2011-2014* consensuado con mais de 800 entidades de Galicia.

A *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado* e a *Asociación para a Prevención da Exclusión Social (APES)* desenvolven o **programa 'Voluntariado desde dentro'**, unha iniciativa pioneira que pretende ser unha ferramenta para a reinserción das persoas que cumpren condena nos centros penitenciarios de Galicia mediante a acción voluntaria e na que participan 90 reclusos.

O *director xeral de Xuventude e Voluntariado*, Ovidio Rodeiro, acompañado do delegado territorial da Xunta en Ourense, Rogelio Martínez, participou hoxe nas **III xornadas 'O Voluntariado, unha alternativa ao delito'**, organizadas por APES en Ourense co obxectivo de conmemorar o *Día Internacional de Voluntariado* que se celebrou o pasado día 5 de decembro. O acto tivo como principal finalidade a de dar visibilidade a este programa.

Na súa intervención, Rodeiro destacou a formación en voluntariado de 90 persoas reclusas nos cinco cursos impartidos nos centros penitenciarios de Teixeiro, Monterroso, e Pereiro de Aguiar, así como nos *Centros de Inserción Social (CIS)* da Coruña e Vigo, que se enmarcaron dentro do *Plan de Formación 2013* que desenvolve a *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*.

O responsable de Xuventude destacou tamén que con esta colaboración estase a dar cumprimento ao establecido no *Plan Galego de Acción Voluntaria 2011-2014* consensuado con mais de 800 entidades de Galicia. Ademais, e tal e como establece a *Lei Galega de Acción Voluntaria*, as experiencias voluntarias que realicen estas persoas dentro deste programa serán certificadas pola *Dirección Xeral*.

A Coruña e Vigo acolleron onte sendos encontros de traballo sobre o novo Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia 2014-2016



Xoves, 12 Decembro 2013 11:42

- Estas xuntanzas pretenden incentivar a achega de ideas e propostas que reforcen o novo *Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia 2014-2016* continuando o proceso de participación estruturado iniciado hai xa dúas semanas.
- Estas sesións de traballo sobre o *Plan Estratéxico* están a ter lugar nas sete principais cidades galegas recalando hoxe en Ferrol.

– Durante estas accións divulgativas os asistentes recibirán información sobre o Plan e a súa influencia capital no desenvolvemento das políticas de xuventude impulsadas polo executivo autonómico.

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, da Consellería de Traballo e Benestar, no marco do proceso de participación e aporte de achegas ao novo **Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia 2014-2016 Horizonte 2020 " Xuventude 2016"**, continúa coa serie de encontros de traballo que percorreren as sete principais cidades Galegas. Onte tiveron lugar en A Coruña e Vigo contando coa participación de 40 persoas, así como de entidades e colectivos vinculados á mocidade.

Durante cada unha destas sesións de traballo, dinamizadores xuvenís están a explicar os pormenores do *Plan Estratéxico*, resolvendo dúbidas e invitando aos asistentes a participar na súa redacción achegando ideas e propostas.

Esta acción está enfocada a grupos de mozos e mozas, membros de asociacións xuvenís, entidades que traballen con xuventude e a responsables de políticas de xuventude.

Hoxe levarase a cabo o último destes encontros na seguinte localización:

» **Ferrol:** 12 de decembro, 20:00 h

– Edificio administrativo da Xunta de Galicia

Praza de Camilo José Cela. s/n

O **prazo** para a aportación de propostas para o novo *Plan Estratéxico* estará aberto ata o vindeiro **18 de decembro**. A consulta de dúbidas e acceso a formularios pode levarse a cabo a través do seguinte *link*:

- <http://xuventude.xunta.es/2013111811984/borrador-do-plan-estratexico-de-xuventude-de-galicia-2014-2016.html>

EN PORTADA ➔ NOVAS E ACTIVIDADES

A Iniciativa Xove do grupo Os lobos do Xallas concienciou á xuventude sobre o coidado medioambiental do río Xallas.



Mercres, 11 Decembro 2013 08:06

O grupo informal *Os Lobos do Xallas* levou a cabo o **proxecto: "Río Xallas: guía, iniciación e aprendizaxe á pesca xuvenil"** dentro do **programa Iniciativa Xove** para concienciar á xuventude sobre a necesidade do coidado medioambiental do río Xallas.

Desde tempos inmemoriais o río Xallas é marco de diversos acontecementos históricos e sociais. No seu percorrer, desde o seu nacemento en Santa Comba, ata a súa desembocadura na Ría do Ézaro, baña diversos concellos da provincia da Coruña. Na zona de Santa Comba é onde a fama do río troiteiro é mais grande e onde mellor tramos de pesca fluvial existen.

A intención deste **proxecto de Iniciativa Xove** foi que os mozos e mozas de Santa Comba coñeceran o valor mediambiental do río, se familiarizasen coas técnicas de pesca de río con diversas actividades e logo de acondicionar e limpar zonas do río, practicar pesca fluvial. Algúns dos obxetivos que perseguía esta iniciativa foron a valoración do estado medioambiental do cauce, realización de pautas de actuación, acondicionamento das zonas de especial interese e promover o voluntariado ambiental entre a mocidade.

Iniciativa Xove é un programa pioneiro de impulso á participación xuvenil mediante o financiamento de actividades propostas polos propios mozos e mozas. Desde que se puxo en marcha en 2010, foi o primeiro programa en todo o Estado que permitiu recibir axudas a grupos informais, ademais das que reciben as asociacións constituídas como tales. Este ano executáronse en Galicia 155 proxectos ao abeiro desta actuación.

Gañadores do sorteo de 10 lotes de 2 entradas de preferencia para o fútbol con Carné Xove

Venres, 13 Decembro 2013 08:42

Os gañadores do sorteo de *10 lotes de 2 entradas* para o partido que xogarán a SD Compostela e a Unión D. Logroñés, o día 22 de decembro no Estadio Municipal de San Lázaro, son:



1. PABLO BELAY FERNÁNDEZ
2. LUCIA BELLO CALVO
3. LIDIA SEIJO ROSERO
4. JOSÉ MANUEL REDONDO BARREIRO
5. BRAIS CAO ESTÉVEZ

6. JOSÉ ELOY GÓMEZ FONTÁN
7. PATRICIA FARIAS ADROVER
8. PABLO PÉREZ GONZÁLEZ
9. BRAIS SALMONTE VIQUEIRA
10. LAURA IGLESIAS RODRÍGUEZ

Os gañadores recollerán as súas entradas, previa presentación do DNI nas:

» *Oficinas do Club SD Compostela*

– Estadio de San Lázaro, porta 15, 1º

– **Horario:** de luns a venres de 10 a 13 ou de 16 a 21 h

Na taquilla de preferencia (Preferencia: entrada por porta 9)

A Iniciativa Xove do grupo Monitorado Activo convocou a numerosos profesionais do tempo libre no Albergue Vicente Agulló.



Venres, 13 Decembro 2013 09:00

A idea desta iniciativa nace da inquedanza dun grupo de monitores, monitoras e directores e directoras de tempo libre que cren na necesidade da potenciación da educación non formal. No ano 2010 creouse o primeiro campamento para monitores/as que resultou un éxito, debido as interaccións entre os profesionais do tempo libre participantes. Por este motivo o grupo informal *Monitorado Activo*, mediante o **programa Iniciativa Xove** da *Dirección Xeral de Xuventude*, convocaron esta segundo encontro.

Iniciativa Xove é un programa pioneiro de impulso á participación xuvenil mediante o financiamento de actividades propostas polos propios mozos e mozas. Desde que se puxo en marcha en 2010, foi o primeiro programa en todo o Estado que permitiu recibir axudas a grupos informais, ademais das que reciben as asociacións constituídas como tales. Este ano executáronse en Galicia 155 proxectos ao abeiro desta actuación.

Os participantes puideron beneficiarse dun amplo programa de formación na educación non formal con xogos, actividades na natureza, performance, xincanas creativas, visitas turísticas., nas que interactuaron e reflexionaron con profesionais do seu mesmo campo.

Sorteo: Queres ir ao fútbol co Carné Xove?



Venres, 13 Decembro 2013 09:29

Esta semana sorteamos *10 lotes de 2 entradas* de preferencia para o partido que se xogará o día 5 de xaneiro no Estadio Municipal de San Lázaro entre a SD COMPOSTELA e o CD OURENSE.

Para participar neste sorteo terás que contestar á pregunta que aparece no formulario de participación, relacionada coa SD Compostela.



Podes participar enviando xa o formulario (<http://xuventude.xunta.es/201205087547/sorteo-para-posuidores-do-carne-xove-a-traves-de-xuventudenet.html>) e ata as 9.00h do día 19 de decembro.

Proxecto CEUS. Camiñando cara unha Europa sostible

Venres, 13 Decembro 2013 13:47

O *proxecto CEUS* - Camiñando cara unha Europa sostible – levado a cabo pola *asociación Acción Ambiental*, é una iniciativa xuvenil enmarcada dentro do **programa Xuventude en Acción** da Unión Europea.

Este proxecto foi aprobado e financiado no mes de febreiro de este ano pola *Axencia Nacional do programa Xuventude en Acción* da que forma parte a *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*.

O proxecto comezou coa realización de tres charlas participativas, que tiveron como temática principal a evolución da educación ambiental en Europa, e o Servizo de Voluntariado Europeo. A primeira delas, celebrada o día 12 de xuño estivo orientada hacia persoas formadas no ámbito medioambiental. A segunda, foi o día 17 de xuño e orientada hacia persoas formadas no ámbito da educación e da integración social. Por último, a terceira charla o día 19 de xuño tratouse dun grupo aberto para todas as persoas que quixeron asistir e non encaixaban en ningún dos perfís das charlas anteriores.

A segunda parte del proxecto consistiu na realización de dúas actividades de voluntariado no "*Puzo do Lago*" en Maside. (Ourense), tratase dun humedal de unha hectárea xerado debido á explotación mineira, e que estivo catalogado como ENIL (espacio natural de interés local).

Cada grupo de voluntariado estivo conformado por 15 personas e fixéronse dúas intervencións, unha durante os días 12 e 13 de xullo e outra durante os días 19 e 20 de xullo. En cada unha das intervencións realizáronse distintas actividades orientadas á educación

ambiental e á mellora da calidade ambiental do hábitat: seguimiento de fauna mediante fototrampeo, desbroce selectivo, restauración e implantación de dúas charcas, creación dun muro de soleo/refuxio para reptiles, recollida de basura, construción e implantación de caixas/niño, reparación de danos causados por malas labores de mantemento forestal.

Finalmente levaronse a cabo varias Visitas guiadas ao humedal "Puzo do Lago" para poñer de manifesto a importancia dos humedales como ecosistemas ricos en biodiversidade e todos os beneficios asociados a estas zonas.

A finalidade última do proxecto era crear unha infraestrutura física no Puzo do Lago coa instalación de paneis interpretativos con información relativa a fauna, flora, historia e orixe do humedal, e crear e dinamizar itinerarios de sendeirismo.

As iniciativas xuvenís son proxectos que proporcionan aos mozos e mozas a oportunidade de participar directa e activamente na planificación e implementación de proxectos ideados e executados por eles mesmos. Contribúen a mellorar os seus coñecementos e capacidades e aportan habilidades e experiencias moi útiles para a súa integración na vida laboral, profesional ou educativa.

O programa Xuventude en Acción que remata o 31 de decembro de 2013 vai ter continuidade no novo programa "Erasmus+" que seguirá apostando pola educación non formal dos mozos e mozas a través do financiamento de proxectos que contribúan a mellorar as súas capacidades e sobre todo a mobilidade dos mozos e mozas por motivos de aprendizaxe.

Pódese átopar máis información sobre Erasmus+ nos seguintes enlaces:

http://www.juventudenaccion.injuve.es/modules/news/news_0185.html

<http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/>

Promocións Carné Xove: Curso de director/a de actividades de tempo libre



Luns, 16 Decembro 2013 08:24

Este é un curso oficial, cuxo título está expedido pola *Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia*. O grupo mínimo será de 10 persoas e o máximo de 25, e as reservas se realizarán por orde de inscrición.

Esta acción formativa consta de dúas fases: a primeira de 150 horas teórico-prácticas e a segunda, a realizar unha vez superada a primeira, de 150 horas de prácticas.

A primeira fase (a de 150 horas), nesta convocatoria é de modalidade mixta, xa que combina a modalidade intensiva da primeira parte do curso (21, 22, 23, 26, 27, 28, 29, 30 de decembro) coa de fin de semana (4-5, 18-19 de Xaneiro e 1-2, 8-9 de Febreiro). Durante estes días, o horario será de 9.00 a 14.00 h e de 16.00 a 21.00 h, cun descanso a media mañá e a media tarde.

Para poder matricularse neste curso requírese:

- Estar en posesión do título de monitor de actividades de tempo libre.
- Posuír, polo menos, un título de ensino secundario.



c) Acreditar unha experiencia de traballo como monitor/a no campo da educación/animación no tempo libre de, polo menos, 250 horas ou como integrante do equipo de animación en colonias ou campamentos por un total de 30 días, despois da obtención do título de monitor.

A fase de prácticas (150 horas) pódese realizar en calquera das actividades de tempo libre da nosa entidade ou en calquera outra entidade da vosa elección, comunicándoo previamente á dirección desta Escola.

Constará dun mínimo de 14 días de dirección dunha actividade de tempo libre, que se realizará en campamentos, colonias ou albergues cun mínimo de 50 participantes, ou en campos de traballo cun mínimo de 20 participantes, en bloques non inferiores a 3 días, ou de 150 horas de actividade periódica nunha entidade ou asociación que traballe no eido da educación no tempo libre. Hai dous anos para finalizalas unha vez superada a primeira fase.

• Documentación

A documentación que precisamos é a seguinte:

- 1 fotografía tamaño carné.
- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia do carné xove (no caso de telo).
- Fotocopia do título oficial máis recente.
- Curriculum Vitae.
- Fotocopia do título de Monitor/a de Actividades de Tempo Libre.
- Acreditación da experiencia necesaria coma Monitor/a de A.T.L..

• Faltas Permitidas

Segundo o Decreto 50/2000 da Xunta de Galicia, que é o que regula esta titulación, o número de horas máximo que está permitido faltar é de 30. É dicir, o 20% das horas.

• Reserva de Praza

No momento que teñas decidido que vas realizar o curso, fainos chegar a ficha cuberta cos teus datos (vale por email ou por correo postal), porque así xa che reservamos a praza. A documentación, así como o xustificante do primeiro pagamento do curso, podes enviárnola despois.

• Prezo e Descontos

No prezo do curso, xa vai incluído o importe do material escolar, o material de actividades, o profesorado e o seguro. Tamén vai incluída a supervisión das prácticas e a xestión dos trámites para a emisión do título pola Xunta, aínda que segundo a normativa que entrou en vigor a principios de 2012, a Dirección Xeral de Xuventude cobrará unas taxas por cada título, que actualmente son 11 euros, pola expedición do título (ao ser unha titulación oficial).

O **prezo** do curso é de 250 €, pero realizarase un desconto do 10% ás persoas que teñan o carné xove, ou a antigos/as alumnos/as, polo que para estes casos o prezo queda en 225,00 €. En ambos casos pode fraccionarse o pago ata en tres prazos comunicándoo previamente á dirección da Escola.

• Inscripción

- Descarga a ficha, cumprimenta todos os campos e envía a o seguinte correo electrónico: tempusnaron@gmail.com.
- Descargar: Ficha de inscripción: http://xuventude.xunta.es/uploads/novas/2013/dicembro2013/ficha_DATL_2013-2014.doc

• Contacto

Se necesitas calquera outra información, non dubides en poñerte en contacto con nós:

- Teléfonos: 657 926 913 - 616 890 48 - 607 15 00 27
- Correo electrónico: tempusnaron@gmail.com
- Páxina de Facebook: Tempus Narón ETL.

Máis información aquí: http://xuventude.xunta.es/uploads/novas/2013/dicembro2013/Info_Xeral_DATL_2013-2014.pdf.

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

Encontro de profesionais do lecer e tempo Libre Santiago de Compostela

Xoves, 12 Decembro 2013 10:29

A Asociación de Lecer e Tempo Libre Campamento Garabato, organiza o **"I Encontro de Profesionais do lecer e tempo libre"** que terá lugar os días 14-15-16 de febreiro de 2014.

- **Dirixido a:** Monitores/as e Directores/as de tempo libre, coordinadores/as, animadores/as, educadoras/es e público en xeral interesado neste ámbito.

Ou prazo de inscrición está aberto ata o día **31 de xaneiro de 2014**.

- **Actividades:** Coaching, habilidades sociais, intelixencia emocional, astronomía e multiaventura.

- **Prezo:** 295 euros que inclúen aloxamento e pensión completa non hotel Os Abetos.

Máis información: Garabatos S.C. Teléfono: 693.065. 374. Páxina: www.espaciogarabatos.com

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de monitor de tempo libre en Fene



Martes, 10 Decembro 2013 14:28

A Escola de Tempo Libre Tempus Narón vai impartir un **curso de monitores de actividades de tempo libre** en Fene (Avda Naturais, 44 entrecán) do 25/01/2014 ao 03/05/2014.

Máis información nos teléfonos: 657 926 913 // 616 890 418

Curso de Director de Tempo Libre en Vigo



Mercores, 11 Decembro 2013 14:27

A Escola de Tempo Libre Xaruma vai impartir un **curso de directores de actividades de tempo libre** en Vigo (Sanjurjo Badía nº79) do 28/12/2013 ao 23/02/2014.

Máis información no teléfono 698 142 158.

BOLSAS E AXUDAS → MOBILIDADE

Bolsas Estudos de Máster en Enerxía e Medio Ambiente en Estados Unidos



Mercores, 11 Decembro 2013 12:42

A Fundación IBERDROLA, convoca a súa **IV Convocatoria de Bolsas para cursar Estudos de Máster en Enerxía e Medio Ambiente en Estados Unidos**, para o ano académico 2014-2015.

• **Destinatarias/os:** licenciadas/os ou título de grao, de nacionalidade española ou estadounidense que queiran realizar a súa especialización en institucións académicas de excelencia estadounidenses

nas seguintes áreas de coñecemento: Enerxías renovables, sistema enerxético sostible, medio ambiente e biodiversidade, tecnoloxías limpas de carbón e xestión de emisións, eficiencia enerxética, almacenamento de enerxía, vehículo eléctrico, redes de distribución intelixentes.

Os aspirantes poderán optar por estes dous centros: *A Universidade de Rochester e Universidade de Maine.*

• **Duración da axuda:** como máximo dun ano natural.

• **A cuantía da axuda:** Matrícula na universidade ou centro de ensino superior de Estados Unidos, sen límite de importe. Dotación de 18.600 euros anuais para cubrir gastos de manutención e material. Esta cantidade abonarase en 12 mensualidades de 1.550 euros. Seguro de enfermidade e accidentes.

Bolsa de viaxe de 1.400? para realizar un voo transoceánico de ida e volta para levar a cabo os estudos obxecto da beca.

Aspectos a valorar no proceso de selección: cualificacións académicas, o currículo e as cartas de referencia que presenten os aspirantes, valorándose especialmente as solicitudes que aporten o certificado acreditativo de admisión nalguna das universidades para o Fall Term do curso académico 2014-2015.

• **Data límite de presentación:** 27 de febreiro de 2014.

Máis información: <http://www.fundacioniberdrola.org/webfund/corporativa/iberdrola?IDPAG=ESFUNARESOSABUSA12>

20 Bolsas artísticas Berliner Künstler (Berlin)

Xoves, 12 Decembro 2013 08:08

O **programa Berliner Künstler** abriu a convocatoria de *20 bolsas dirixidas a artistas audiovisuais, escritores, músicos/as, actores e bai*



laríns cunha estancia de entre 6 meses a 1 ano en Berlín.

Todo o material que se remita, con independencia da actividade artística, terá que estar identificado co nome e o ano da creación.

Entre todas as solicitudes que se reciban realizarase a selección por parte dun xurado internacional.

• **Prazo:** 1 de xaneiro de 2014.

Máis información: <https://www.daad.de/es>

BOLSAS E AXUDAS → OUTRAS

Creación de pequenas e medianas empresas



Venres, 13 Decembro 2013 07:54

O *Igape* convoca axudas para proxectos de creación de pequenas e medianas empresas ou de realización de investimentos en pequenas e medianas empresas novas promovidas por novos emprendedores.

O **prazo de presentación** de solicitudes comezará o día **2 de xaneiro de 2014 e rematará o 30 de abril de 2014.**

Máis información no DOG do 13 de decembro de 2013 e en: www.igape.es.

PREMIOS E CONCURSOS

O Parlamento de Galicia contigo e polos teus dereitos



Xoves, 12 Decembro 2013 09:31

O Parlamento de Galicia convoca a **IV edición do concurso escolar** baixo o lema "**O Parlamento de Galicia contigo e polos teus dereitos**".

Os traballos terán que versar sobre o lema *O Parlamento de Galicia contigo e polos teus dereitos* e o seu formato e soporte serán diferentes, en función dos niveis educativos. Os traballos deberán ser colectivos e elaborados por un grupo de dous alumnos ou alumnas como mínimo e cinco como máximo. Cada alumno ou alumna só poderá participar nun grupo e cada grupo presentará un único traballo.

• Modalidades:

- **Imaxina a pintura:** Aquí podese debuxar todo o que poidades imaxinar e está dirixido ao alumnado de infantil, de 1.º, 2.º e 3.º de educación primaria e de educación especial.
 - » Formato e soporte do traballo:
 - » Medida en DIN-A 3
 - » Papel e cartolina
 - » Collage
- **Banda deseñada**
- **Escribe o teu conto:** Está dirixido ao alumnado de 4.º, 5.º e 6.º de primaria e 1.º e 2.º de secundaria. As redaccións serán manuscritas e terán unha extensión máxima dun folio (polas dúas caras).
- **Exprésate:** Esta categoría quere recoller a expresión libre e está dirixida ao alumnado de 3º e 4º de secundaria. Valorarase calquera tipo de expresión creativa, como vídeo, fotografía, spot publicitario ou medio relacionado coas tecnoloxías da información, que poida ser inserido nunha páxina web. Non se admitirán maquetas físicas.

• Participación:

O **prazo** para preinscribirse remata o **17 de decembro de 2013**. Os centros interesados en participar poderán facer a preinscripción mediante unha solicitude dirixida á presidenta do Parlamento e enviándoa ao correo electrónico presidencia@parlamentodegalicia.es, na que se indiquen os nomes dos profesores ou profesoras e dos grupos que elaborarán os traballos. A solicitude está dispoñible na web do parlamento

O **prazo** de entrega dos traballos rematará o **3 de marzo de 2014**.

• Premios:

a) Para o alumnado do grupo gañador:

- **Imaxina a pintura:** táboa dixital e lote de libros.
- **Escribe o teu conto:** táboa dixital e lote de libros.

– **Exprésate:** táboa dixital e lote de libros.

b) Para a clase do grupo gañador: excursión de carácter educativo para visitar un lugar significativo de Galicia, na data que decida o centro.

c) Para o profesor ou profesora que supervise o traballo do grupo gañador: unha táboa dixital.

d) Para o centro educativo do grupo gañador: a cantidade de 2.000 euros para destinar á organización de actividades extraescolares ou actividades da biblioteca escolar, que será ingresada na conta bancaria que se indique. Estes premios non son acumulables, polo que os centros soamente poderán recibir o premio de 2.000 € con independencia das modalidades en que poidan resultar premiados.

e) Para o grupo finalista: MP5 e un lote de libros para cada un dos alumnos e o/a profesor/a supervisor/a do traballo.

Os alumnos e as alumnas que resulten premiados, acompañados do profesorado que coordinou a realización dos traballos, serán convidados a un acto no Parlamento de Galicia no que se entregarán os premios ás distintas categorías.

Máis información en: www.parlamentodegalicia.es.

PREMIOS E CONCURSOS

EXPOSICIÓNS CERTAMES E CONCERTOS

XV Certame de Pintura Uned en Plasencia



Mércores, 11 Decembro 2013 13:06

O centro da Uned en Plasencia, coa intención de proporcionar estímulos á creación artística convoca o XV Certamen de Pintura.

• **Destinatarias/os:** Poderán participar todos os artistas españois ou estranxeiros que o desexen.

Cada artista presentará unha obra que non fora premiada con anterioridade en ningún certamen, con total liberdade en canto ao tema e estilo.

• **Premios:** Un primeiro premio de: 1.500 euros. Un segundo premio de: 800 euros. Un terceiro premio de: 450 euros.

• **Prazo de presentación:** do 8 ao 31 de xaneiro de 2014.

Máis información: <http://www.uned.es/ca-plasencia/DocumentosPDF/TripticoXVCertamenPintura.pdf>

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PUBLICO

Xefe de equipo mantemento-oposición

Martes, 10 Decembro 2013 07:50

A *Autoridade Portuaria de Vigo* realiza unha convocatoria para cubrir unha praza de xefe de equipo mantemento-oposición mediante contrato de revezamento ao 75 % da xornada.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **21 de decembro de 2013**.

Máis información en: www.apvigo.es e no DOG do 10 de decembro de 2013.

Traballador/a social en Negueira de Muñiz

Mercores, 11 Decembro 2013 08:11

O *Concello de Negueira de Muñiz* fai unha convocatoria para a contratación laboral temporal dun/ha traballador/a social para o departamento de Servizos Sociais.

• Requisitos:

Titulación universitaria de Diplomado/a en Traballo Social.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **21 de decembro de 2013**.

Máis información no BOP de Lugo do 11 de decembro de 2013.

Docentes de relixión católica e de relixión evanxélica

Xoves, 12 Decembro 2013 08:03

A *Consellería e Educación* abre un prazo para solicitar posibles interinidades ou substitucións de relixión católica, no nivel de educación secundaria, e de relixión evanxélica, no nivel de infantil e primaria e no nivel de educación secundaria obrigatoria, nos centros docentes públicos.

• Requisitos:

– Ter sido proposto pola autoridade da confesión relixiosa para impartir este ensino missio canonica e ter obtido a declaración eclesiástica de idoneidade (DEI), expedida polo ordinario diocesano, e a declaración eclesiástica de competencia académica (DECA), expedida pola Conferencia Episcopal Española (no caso de relixión católica), ou a certificación equivalente da confesión relixiosa obxecto da materia educativa.

– Ter superado o curso Celga 4 de lingua galega ou validación equivalente.

– Para impartir docencia no nivel educativo de educación secundaria, título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente, – ou de grao.

Para impartir docencia no nivel educativo de infantil e primaria as titulacións relacionadas na letra anterior e as de diplomado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico ou equivalentes.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **27 de decembro de 2013**.

Máis información no DOG do 12 de decembro de 2013.

Auxiliares de axuda no fogar no Concello de Baltar

Xoves, 12 Decembro 2013 08:32

O *Concello de Baltar* fai unha convocatoria para a contratación laboral temporal de dúas prazas de auxiliares de axuda no fogar a tempo parcial.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **17 de decembro de 2013**.

Máis información no BOP de Ourense do 12 de decembro de 2013 e na OMIX de Baltar, teléfono 988 466 503.

Convocada 1 praza de Policía Local no Concello de Vilaboa (Pontevedra).

Venres, 13 Decembro 2013 09:05

O *Concello de Vilaboa*, convoca 1 praza de policía local, polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 10 de decembro de 2013.

Convocadas prazas de policía local no Concello de Paiporta (Valencia).

Venres, 13 Decembro 2013 09:12

O *Concello de Paiporta*, convoca 5 prazas de policía local polo sistema de oposición (4 en turno libre e 1 por mobilidade).

O **prazo** de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir da publicación no BOE.
Máis información BOE do 12 de decembro de 2013.

Convocada 1 praza de enxeñeiro industrial na Universidade de Santiago

Venres, 13 Decembro 2013 09:13

A *Universidade de Santiago* convoca esta praza, polo sistema de promoción interna e polo sistema de acceso libre.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir da publicación no BOE.
Máis información BOE do 12 de decembro de 2013.

Funcionario interino no Concello de Fene

Venres, 13 Decembro 2013 11:26

O *Concello de Fene* fai unha convocatoria para a cobertura dunha praza de funcionario interino.

• **Requisitos:** posuír o título de bachiller ou técnico.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **26 de decembro de 2013**.
Máis información no BOP da Coruña do 13 de decembro de 2013 e na OMIX de Fene, teléfono 981 240 366

Chofer-operario de recollida do lixo para a zona de Trives-Valdeorras

Venres, 13 Decembro 2013 11:32

A *Deputación de Ourense* fai unha convocatoria para a selección como persoal laboral interino dun chofer-operario de recollida do lixo para a zona de Trives-Valdeorras.

• **Requisitos:** estar en posesión do título de graduado e educación secundaria obrigatoria, graduado escolar ou equivalente e, así mesmo, o permiso de conducir C e E.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **20 de decembro de 2013**.
Máis información no BOP de Ourense do 13 de decembro de 2013.

Auxiliar de axuda no fogar en Toén

Luns, 16 Decembro 2013 07:34

O *Concello de Toén* fai unha convocatoria para cubrir temporalmente unha praza de auxiliar de axuda no fogar.

• **Requisitos:**

- Formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente ou certificación de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente.
- Permiso de conducir tipo B.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **20 de decembro de 2013**.
Máis información no BOP de Ourense do 14 de decembro de 2013 e en: www.concellodetoen.sedelectronica.es.

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PRIVADO

Aberta a II Convocatoria 2014 do Programa Lanzadera

Xoves, 12 Decembro 2013 08:34

LANZADERA
Persigue tu sueño emprendedor

LANZADERA é un proxecto de capital totalmente privado que a través da sociedade Lanzadera Emprendedores, S.L.U, convoca a quenes dispoñan dun proxecto empresarial innovador, ofrecéndolles os recursos formativos, económicos e estruturais necesarios para facelo realidade.

A convocatoria do **Programa Lanzadera** ten por obxecto identificar emprendedores e axudalos a crear empresas con fundamentos empresariais orientados e enfocados ao longo prazo, aportándolles os coñecementos dun modelo empresarial contrastado e as ferramentas adecuadas para a súa formación empresarial e para desenvolver o seu proxecto.

- **Destinatarias/os:** emprendedores maiores de 18 anos de calquera nacionalidade, cunha idea de negocio sen limitación de sector, de actividade nin de área xeográfica.
- **Data límite:** do 3 ao 28 de febreiro de 2014.

O programa terá unha duración estimada de 11 meses, en función das características do proxecto a desenvolver.
Máis información: <http://www.lanzadera.es/>

Ofertas do Servizo Público de emprego 16/12/2013

Técnicos/as e/ou coordinadores de formación

- Localidade: Marín (Pontevedra)
- nº oferta: 12/2013/9407
- Requisitos:
necesítanse técnicos/as e/ou coordinadores de formación.

Soldadores por tig

- Localidade: Begonte (Lugo)
- Requisitos:
necesítase soldador/a por tig (oficial de 2ª) con doce meses de experiencia.

Dependentes de comercio, en xeral

- Localidade: Palas de Rei (Lugo)
- nº oferta: 12/2013/10606
- Requisitos:
necesítase dependente de comercio pata tenda veterinaria. permiso de conducir.

Axentes comerciais

- Localidade: Ourense
- nº oferta: 12/2013/10621
- Requisitos:
necesítase comercial para captación de novos clientes.

Dependentes de peixería

- Localidade: Monforte de Lemos (Lugo)
- nº oferta: 12/2013/10625
- Requisitos:
dependente de peixería con experiencia. contrato a tempo parcial.

Caixeiros/as de comercio

- Localidade: Santiago de Compostela (A Coruña)
- Requisitos:
necesítanse caixeiros/as de comercio con experiencia

Condutores de camión, en xeral

- Localidade: Incio, O (Lugo)
- nº oferta: 12/2013/10668
- Requisitos:
necesítanse condutores de camión con permiso de conducir c.

Condutores de camión, en xeral

- Localidade: Baleira (Lugo)
- Requisitos:
condutores de camión con permiso de conducir c.

Axentes comerciais

- Localidade: Illa de Arousa, A (Pontevedra)
- Requisitos:
contrato mercantil. posto itinerante a distintas zonas xeográficas de España. produtos para animais de compañía.

Programadores de aplicacións informáticas

- Localidade: Coruña, A
- nº oferta: 12/2013/10725

- Requisitos:
necesítanse programadores de aplicacións informáticas. titulación mínima requirida fpii.

Técnicos/as en comercio exterior

- Localidade: Vigo (Pontevedra)
nº oferta: 12/2013/10732
- Requisitos:
necesítase técnico/a en comercio exterior con experiencia para axudar na xerencia no mercado latinoamericano. debe viaxar.
Mais Información: Teléfono: 902 125 000

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX ➔ CASAS DA XUVENTUDE

MARATÓN DE TEATRO no Espazo Xove de Ourense



Xoves, 12 Decembro 2013 12:18

Venres 13 ás 20:00 h.

MARATÓN DE TEATRO con algúns dos grupos que ensaian na Casa.

Acción solidaria, actuacións:

- Chépir
- Olobú
- Maraño
- Delatoute
- Marchantes

agardámosvos



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net